

Consideracións previas sobre os traballos escolares

O requisito fundamental para realizar un bo traballo escolar de investigación é tomalo en serio. Consideralo unha investigación real (que o é) e intentar “descubrir” a maior cantidade posible de resultados.

Pode que outras persoas máis formadas xa teñan realizado esa investigación (ou pode que non e o que descubramos sexa un descubrimento real), pero ese non debe ser o enfoque. Debedes realizar o estudo coa maior honestidade posible.

Algunhas cuestións máis prácticas poden ser:

- Elixir un tema que realmente poda interesarnos.
- Intentar conseguir os datos máis fiables posibles.
- Debemos ter perfectamente claro a que corresponden os datos, cousa que non sempre é doado.
- Facerse preguntas e intentar respondelas en base aos datos (non en base á lóxica).
- Na exposición debemos empezar por describir en que consistiu o traballo e en xustificar o seu interese cando non sexa evidente.
- Tamén debe explicarse a metodoloxía empregada (que non é o mesmo que as contas que realicemos).
- As conclusións deben basearse exclusivamente nos datos e na súa interpretación e non na lóxica nin en cuestións externas.
- Deben explicarse as conclusións do xeito máis claro posible, indicando as razóns nas que nos baseamos.

Estudio sobre a mortalidade en Galicia debida a tumores e a causas externas en relación á idade e o xénero.

Introdución

O obxectivo deste trabalo é comparar a incidencia de diferentes causas de morte en homes e mulleres en Galicia nos diferentes segmentos de idade.

As causas de morte que imos estudar son os tumores de todos os tipos e as causas externas, fundamentalmente accidentes (posiblemente os accidentes de tráfico sexan a causa externa máis frecuente, seguidos dos accidentes laborais).

Os nosos datos corresponden a 2005 e foron obtidos das estatísticas oficiais na páxina web do Instituto Galego de Estatística (ver anexo I).

Tratase de datos agrupados en segmentos de idade, tanto para homes como mulleres, polo que debemos empreñar os métodos aplicables a este tipo de variables.

O tratamento dos datos realizouse empreñando unha folla de cálculo comercial.

Compararemos os datos empreñando dúas metodoloxías diferentes:

- Comparación paramétrica: comparando medias, desviacións típicas e coeficientes de variación.
- Comparación non paramétrica: compáranse directamente as frecuencias correspondentes aos distintos grupos de idades e causas de mortalidade.
- Na medida do posible, empregaremos gráficos para facilitar a visualización destes datos.

Comparación paramétrica

Mortes por tumores

En principio, non deberíamos esperar diferenzas significativas entre homes e mulleres nesta variable, pero debemos ter en conta o maior número de mulleres nas idades máis altas (polo maior número de mortes de homes que de mulleres a idades menores), o que necesariamente dará lugar a pequenas diferenzas nos parámetros.

- As medias son similares, coas salvedades indicadas: 72,9 para as mulleres e 71,5 para homes.
- O mesmo sucede co coeficiente de variación: 0,29 e 0,32.

Non parece existir moitas diferenzas na mortalidade por tumores entre homes e mulleres.

Mortes por causas externas

Unha simple ollada, amosa unha enorme diferenza entre os dous xéneros neste eido.


- Medias: 54,1 para homes e 70,6 para as mulleres. Moi claramente prodúcese un maior número de mortes en idades baixas entre os homes que entre as mulleres. Como veremos máis adiante, esas diferenzas concéntranse no segmento de idades entre 15 e 74 que coincide coa idade laboral.
- O coeficiente de variación tamén amosa unha maior variación nas idades de morte dos homes por este tipo de causas (0,72 fronte a 0,49).

Podemos especular con dous tipos de razóns que xustifiquen esta enorme diferenza entre os xéneros neste capítulo:

- Máis mortes de homes en accidentes de tráfico polo tipo de condución que soen empregar.
- Máis accidentes mortais no traballo polo maior número de homes que ocupan postos de traballo perigosos

Comparación non paramétrica

Mortandade por tumores



Semellan existir diferenzas en todos os segmentos de idade que suxiren unha maior porcentaxe de tumores mortais entre os homes ata os 74 anos igualándose de 74 a 84 e sendo moi superior entre as mulleres de máis de 84 anos.

Sen embargo, a comparación neste caso non é tan sinxela. Hai que ter en conta que estamos comparando porcentaxes (as frecuencias relativas son case o mesmo) e as mulleres viven nunha porcentaxe maior ata máis de 84 anos, polo que a altura da barra correspondente a esa idade tamén será maior e, polo tanto, a das demais idades serán menores.


Para poder facer unha comparación exacta debemos ter en conta cantas persoas hai en cada segmento de idade e comparar a “incidencia” (empregaremos o número de tumores mortais por cada 1000 persoas)

Como pode apreciarse a partir dos 25 anos, a incidencia de tumores mortais é máis do dobre nos homes en todos os segmentos de idade.

Esa diferenza pode deberse a causas “biolóxicas” ou ambientais. Posiblemente o diferente grao de exposición a factores canceríxenos como tabaco, pinturas, disolventes, etc teña moito que ver nesas diferenzas.

Incidencia de tumores		
	Homes	Mulleres
0 - 4	0,00	0,04
5 - 14	0,05	0,02
5 - 24	0,07	0,08
25 - 34	0,09	0,13
35 - 44	0,47	0,57
45 - 54	2,01	1,08
55 - 64	7,29	3,35
65 - 74	9,82	4,02
75 - 84	34,66	12,79
> 84	32,21	13,40

Mortandade por causas externas



Podemos destacar unha porcentaxe moi superior de mortes por causas externas (accidentes) entre os homes ata os 64 anos e xustamente o contrario dos 75 en adiante.

No caso da mortalidade masculina resulta doada de explicar sen máis que considerar os accidentes de tráfico e laborais.

Explicar o aumento deste tipo de mortes entre as mulleres a partir dos 75 anos é máis complexo. Debemos ter en conta novamente que estamos falando de frecuencias relativas e, neste caso, dun número de casos moi pequeno (só 488 nas mulleres) e de máis do dobre nos homes (1015 casos).

Novamente utilizar a taxa de incidencia pode clarear a situación.

Vemos que a incidencia de mortes por causas externas (tanto por 10.000 neste caso) é maior en todas as idades entre os homes e que aumenta nos últimos grupos de idades.

Debe terse en conta que, segundo a definición dada pola OMS na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) 10^a revisión, nas mortes por causas externas figuran os accidentes domésticos e as mortes durante unha intervención médica.

Incidencia de causas externas		
	homes	mulleres
0 - 4	1,37	0,63
5 - 14	0,63	0,10
15 - 24	6,56	1,34
25 - 34	6,26	0,96
35 - 44	6,04	1,36
45 - 54	6,71	0,82
55 - 64	6,81	2,35
65 - 74	11,09	4,05
75 - 84	18,40	10,97
> 84	44,33	29,11